

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia na presentación do libro *Os tempos son chegados. Un balance da Galicia autonómica / 1981-2021*

Sala do Rexurdimento do Parlamento de Galicia, 19-12-2022

- Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,
- Coordinador e coautores do libro,
- Expresidente da Xunta de Galicia,
- Expresidente do Parlamento de Galicia,
- Conselleira de Política Social e Xuventude,
- Integrantes da Mesa do Parlamento de Galicia,
- Valedora do Pobo,
- Portavoces, deputados, exdeputados,
- Presidente da Real Academia Galega,
- Autoridades e representacións,
- Señoras e señores:

Moi bo día e moitas grazas a todas e a todos os que fixeron un oco nas súas axendas para nos acompañaren na presentación do libro *Os tempos son chegados*.

Tal día coma hoxe, o 19 de decembro de 1981, constituíase o primeiro Parlamento de Galicia, un fito histórico que deu paso aos 40 anos de maior prosperidade de toda a nosa historia da man da autonomía galega que daquela botaba a andar.

Un fito e unha etapa decisivas que viñemos conmemorando desde o Parlamento de Galicia ao longo dos últimos doce meses cunha extensa programación integrada por actividades de diverso tipo, como a exposición *O poder da palabra*, que, logo de percorrer as principais cidades galegas, recala estes días na Casa de Galicia en Madrid.

Esta e outras actividades tiveron un denominador común: impulsar a reflexión plural sobre a autonomía de Galicia e contribuír a divulgar a

nosa historia, esa gran descoñecida para gran parte da xente, moi especialmente para os máis novos.

O acto que esta mañá nos convoca pon o ramo a este conxunto de actividades conmemorativas do 40 aniversario da autonomía e do Parlamento de Galicia. Unha clausura que vén da man dun volume, *Os tempos son chegados*, coordinado, igual que a exposición, polo profesor Ramón Villares, e do que son autores reputados académicos e académicas nas nosas universidades.

O rigor e a pluralidade foron —como poderá corroborar o profesor Villares— as únicas condicións que desde o Parlamento de Galicia trasladamos ao coordinador da obra cando lle encargamos este proxecto que agora vez a luz.

Porque facer memoria implica —ou debería implicar— facer reconto de acertos, mais tamén de fallos, porque recoñecer a súa existencia é o primeiro paso para os reparar. Aínda que teño para min que nesta gran tarefa coral de posta en marcha e consolidación da nosa autonomía, os acertos predominan amplamente, cun resultado que está á vista de todos.

Grazas tamén, por suposto, polas colaboracións institucionais recadadas para este libro: a do presidente da Xunta e as dos voceiros e voceira dos tres grupos con representación parlamentaria.

A autonomía de Galicia é o resultado, como dicía, dun esforzo colectivo, no que cómpre agradecer todas as achegas:

- As do goberno e as da oposición.
- A da sociedade civil, nun primeiro momento indiferente e hoxe plenamente identificada coa nosa autonomía, unha vez acreditada a súa utilidade.

- As achegas dos medios de comunicación, que maioritariamente fixeron apostolado da descentralización propiciada pola Constitución e desenvolvida polo Estatuto.
- E agradecemento tamén a todos os nosos devanceiros, especialmente a aqueles que izaron e mantiveron izada a bandeira de Galicia en tempos pretéritos especialmente difíciles.

Lembranza agradecida para todos e todas, que quero personalizar en tres persoas:

- Alenxandre Bóveda, mártir da liberdade asasinado no monte da Caeira.
- Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, falecido no desterro logo dunha vida entregada a Galicia.
- E Ramón Otero Pedraio, o gran patriarca das letras galegas, exemplo de integridade e coherencia persoal, que padeceu o desterro interior.

Como escribiu Eduardo Blanco Amor, «Don Ramón, mestre de todos nós, en letras e en conducta, era o derradeiro dun fato de homes galegos escollidos para seren misioneiros, en obra escrita e en acción, do renacemento, dende as súas cinzas, desta nosa terra posta por eles camiño da universalidade».

Con eles e con todos estamos en débeda, polos vieiros que principiaron e nos conduciron ao que hoxe somos.

Débeda de gratitude que nos obriga, con independencia das lexítimas diferenzas que a uns e outros poidan separarnos, a reforzar o noso compromiso con Galicia e coa nosa xente, coa democracia e coa liberdade que con tanto sacrificio fomos quen de edificar. Para consolidar e reforzar, cada día —porque cómpre sermos ambiciosos— o benestar e a prosperidade acadados nestas últimas catro décadas.



Fomos quen de conseguilo fuxindo, en termos xerais, dos enfrontamentos estériles, acatando o marco constitucional pactado, maioritaria e democraticamente, por todos os españois, avanzando na senda europeísta soñada pola xeración Nós, sen perder de vista os lazos de sangue que nos unen coa outra beira do Atlántico e reforzando os vínculos con Portugal e coa lusofonía.

A autonomía de Galicia é, señoras e señores, unha historia de éxito colectivo. Outrora foi un experimento no que non todos confiaban, hoxe é unha feliz realidade que temos a obriga de perfeccionar cada xornada.

Facermos memoria dos acertos e tomarmos nota dos erros é obriga de todos, sobre todo de cantos exercemos responsabilidades públicas. E o libro que agora presentamos constitúe —estou seguro— un excelente punto de partida para esa reflexión necesaria.

Moitas grazas.